



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

IES Fernando Wirtz Suárez

Rúa / Caballeros, 1 15006-A CORUÑA

Teléfono: +34881960260

FAX: +34881960265

ies.fernando.wirtz@edu.xunta.es

www.fernandowirtz.com



UNIÓN EUROPEA
FONDO SOCIAL EUROPEO
"O FSE inviste no teu futuro"

I.E.S. FERNANDO WIRTZ SUÁREZ

PLAN DE CONVIVENCIA

(DECRETO 8/2015, do 8 de xaneiro, polo que se desenvolve a Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa en materia de convivencia escolar.)

[Escribir texto]

ÍNDICE

1. Contextualización
 - 1.1. Marco legal
 - 1.2. O Centro
 - 1.3. Oferta educativa
2. Obxectivos derivados da análise previa
3. Descrición das actuacións, medidas e programas a desenvolver para favorecer a convivencia
 - 3.1. Medidas organizativas
 - 3.2. Medidas curriculares
 - 3.3. Medidas de preventivas e de sensibilización
 - 3.4. Medidas dirixidas a participación da comunidade educativa
4. Protocolo para a prevención, detección e tratamento das situacións de acoso escolar
 - 4.1. Definición de acoso escolar
 - 4.2. Medidas preventivas
 - 4.3. Protocolo de actuación
5. Normas de convivencia do centro e concreción dos dereitos e deberes dos diferentes membros da comunidade educativa
6. Establecemento das condutas contrarias á convivencia e das correccións que correspondan ao seu incumprimento
 - 6.1. Condutas gravemente prexudiciais para a convivencia
 - 6.2. Condutas leves contrarias á convivencia
 - 6.3. Medidas correctoras e programas e actuacións complementarias
 - 6.3.1. Programa de habilidades sociais
 - 6.3.2. Aula de convivencia inclusiva
 - 6.3.3. Programa de mediación entre iguais
7. As normas específicas para o funcionamento da comisión de convivencia do centro, a súa composición, a periodicidade das reunións e o plan de actuación
8. Estratexias para realizar a difusión do plan de convivencia.
9. Procesos de seguimento, avaliación e mellora do plan de convivencia

1. CONTEXTUALIZACIÓN.

1.1. Marco legal

- Lei 4/2011, do 30 de xuño, de 2011, de convivencia e participación da comunidade educativa.
- DECRETO 8/2015, do 8 de xaneiro, polo que se desenvolve a Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa en materia de convivencia escolar.

1.2. O Centro.

O IES Fernando Wirtz está situado dentro dun contexto urbano, nunha das vías de entrada a cidade moi próximo á estación de tren e a de autobuses. A súa situación estratéxica favorece a asistencia ao centro de alumnado non só da cidade, senón tamén das comarcas veciñas, especialmente na etapa de formación profesional.

O número de alumnos/as matriculados no presente curso 2017/18 é de aproximadamente 1450.

1.3. Oferta educativa

Na actualidade se imparten estudos da ESO, Bacharelato de Ciencias e Tecnoloxía e Humanidades e Ciencias Sociais en réxime diúrno; así mesmo conta coa Educación Secundaria de Adultos e Bacharelato de adultos na modalidade presencial. Tamén se imparten ensinanzas de Formación Profesional en Réxime Ordinario, Adultos, Presencial e Adultos- Distancia.

ENSINO	CURSO
ESO	1º Educación Secundaria Obligatoria 2º Educación Secundaria Obligatoria/2º PMAR 3º Educación Secundaria Obligatoria /3º PMAR 4º Educación Secundaria Obligatoria
Bacharelato Réxime ordinario	1º e 2º. Ciencias e Tecnoloxía 1º e 2º. Humanidades e Ciencias Sociais
Bacharelato Réxime persoas adultas	2º. Ciencias e Tecnoloxía 1º e 2º. Humanidades e Ciencias Sociais
Formación Profesional Básica Réxime ordinario	1º Informática e comunicacións 2º Informática e comunicación
Formación Profesional Réxime ordinario	CM Sistemas microinformáticos e redes CM Xestión administrativa CS Administración de sistemas informáticos en rede. CS Administración e Finanzas CS Asistencia á dirección

	CS Desenvolvemento de aplicacións multiplataforma
Formación Profesional Réxime persoas adultas (Presencial)	CM Xestión administrativa CS Administración e finanzas CS Administración de sistemas informáticos en rede CS Desenvolvemento de aplicacións informáticas web
Formación Profesional Réxime persoas adultas (Semipresencial distancia)	CM Xestión administrativa CS Administración e finanzas
Educación Secundaria Adultos	Módulos III e IV

2. OBXECTIVOS DERIVADOS DA ANÁLILSE PREVIA

- Facilitar aos órganos de goberno e ao profesorado instrumentos e recursos en relación coa prevención da violencia e a mellora da convivencia no centro.
- Concienciar e sensibilizar a comunidade educativa sobre a importancia dunha adecuada convivencia escolar e sobre os procedementos para melloralala e acadar un ambiente educativo que permita o óptimo aproveitamento dos recursos que a sociedade pon á disposición do alumnado.
- Fomentar os valores, as actitudes e as prácticas que permitan mellorar o grao de aceptación e cumprimento das normas e avanzar no respecto á diversidade e no fomento da igualdade entre homes e mulleres.
- Facilitar a prevención, a detección, o tratamento, o seguimento, a xestión e a resolución dos conflitos que se poidan producir no centro e aprender a utilizalos como fonte de experiencia e aprendizaxe.
- Facilitar a prevención, detección e eliminación de todas as manifestacións de violencia, especialmente do acoso escolar, da violencia de xénero e das actitudes e comportamentos xenófobos e racistas.
- Facilitar a conciliación ou a mediación para a resolución pacífica dos conflitos.
- Contribuír desde o ámbito da convivencia á adquisición das competencias básicas, particularmente das competencias social e cidadá e para a autonomía e iniciativa persoal.

- Fomentar e facilitar a participación, a comunicación e a cooperación das familias no mantemento da convivencia nos centros docentes.
- Establecer, incrementar e consolidar as relacións con entidades e institucións do contorno que contribúan á construción de comunidades educadoras e a unha convivencia de calidade que potencie os dereitos e as liberdades fundamentais.
- Recoñecer ao profesorado, en especial aos membros dos equipos directivos, das facultades precisas para previr e corrixir as condutas contrarias á convivencia, así como da protección xurídica axeitada ás súas funcións.
- Facer corresponsables ás nais e pais ou as titoras ou titores no mantemento da convivencia no centro como un dos principais deberes que lles corresponden en relación coa educación dos seus fillos ou fillas, fomentando a participación e facilitando a comunicación co mesmo.
- Impulsar a Comisión de Convivencia como órgano de reflexión, avaliación e deseño de propostas para o fomento da cultura da paz e para mellora o clima de convivencia escolar.
- Promover á acción titorial, consensuando un plan que axude a traballar valores, actitudes e normas dende o punto de vista comunitario, grupal e individual. Este plan de acción titorial no só se desenvolverá na ESO senón tamén na etapa do Bacharelato, contando esta actuación coa aprobación do claustro e do consello escolar.
- Impulsar a coordinación das accións preventivas e resolutivas con outros axentes sociais da comunidade: Concello, servizos de saúde, asociacións sen ánimo de lucro.
- Establecer actuacións en coordinación con outros ámbitos da administración educativa, tales como o Equipo de Orientación Específico, Servizo de Menores.

3. DESCRIPCIÓN DAS ACTUACIÓN, MEDIDAS OU PROGRAMAS A DESENVOLVER.

3.1. Medidas organizativas.

Terase en consideración a organización do centro e da aula, a coordinación das actuacións docentes e as actividades complementarias e extraescolares.

3.1.1. Constitución da Comisión de Convivencia.

- Responsable : Equipo Directivo.
- Destinatarios: Comunidade Educativa.

3.1.2. *Organización ao comezo do curso dos horarios, configuración de grupos, asignación de titorías e quendas de garda e custodia (apartado 7.2 das Normas de Organización e Funcionamento).*

- Responsable : Equipo Directivo.
- Destinatarios: Comunidade Educativa.

3.1.3. *Actividades complementarias e extraescolares.*

- Responsables: Departamento de actividades extraescolares e complementarias, presidido polo Xefe/a do departamento de actividades complementarias e extraescolares, que será o/a vicedirector/a. Forma parte dela tamén o/a responsable da biblioteca e o/a coordinador/a do equipo de dinamización lingüística e, para cada actividade concreta, o profesorado encargado da mesma.
- Destinatarios: Alumnado.

3.2. Medidas curriculares.

Centraranse nas actuacións docentes e na programación e desenvolvemento do currículo.

3.2.1. *Desenvolvemento do currículo.* Todas as áreas , ademais dos contidos específicos, enfocaranse á mellora da convivencia como tema transversal: igualdade e non discriminación, educación en valores, prevención e resolución de conflitos, educación para a convivencia.

- Responsables :Departamentos Didácticos e profesorado.
- Destinatarios: Alumnado.

3.2.2. *Competencias clave.* Das competencias claves do currículo prestarase especial atención ás competencias sociais e cívicas, e competencias de aprender a aprender.

- Responsables : Departamentos Didácticos e profesorado.
- Destinatarios: Alumnado.

3.3. Medidas preventivas e de sensibilización.

Terán esta consideración de medidas preventivas e de sensibilización todas aquelas actividades que se consideren oportunas para mellorar a convivencia, previr a violencia e resolver de forma pacífica os conflitos.

3.3.1. Difusión das normas de organización e funcionamento entre todos os membros da comunidade educativa.

- Responsable : Equipo Directivo

- Destinatarios: Comunidade Educativa.

3.3.2. Actividades dirixidas a favorecer a relación coas familias e o centro educativo: fomentar as titoría e dar a coñecer ás familias aspectos de interese en relación aos seus fillos.

- Responsables :Profesorado e titores de grupo.
- Destinatarios: Familias.

3.3.3. Actuacións destinadas a previr, detectar, mediar e resolver os conflitos. Formación de grupos de mediación.

- Responsable : Departamento de Orientación, Profesorado, Equipo Directivo.
- Destinatarios: Alumnado.

3.3.4. Actuacións para previr e solventar conflitos. Aula de convivencia inclusiva.

- Responsable : Equipo Directivo, profesorado.
- Destinatarios: Alumnado.

3.3.5. Programas específicos que promovan a convivencia, fomenten o diálogo e cultura da paz.

- Conmemoración de días sinalados segundo calendario escolar.
- Programas desenvolvidos nas titorías da ESO, Bacharelato e Formación Profesional Básica sobre temas que fomenten un clima pacífico de convivencia: xestión das emocións, igualdade, educación para a saúde...
- Organización do tempo de lecer, posibilitando ao alumnado asistir á aula de xogos, aula de debuxo ou participar en actividades deportivas.
- Actividades desenvolvidas polos diferentes departamentos didácticos incluídas nas súas programacións.
 - Responsables :Departamentos didácticos.
 - Destinatarios: Alumnado.

3.4. Medidas dirixidas a participación da comunidade educativa

3.4.1. *Comisión de convivencia.* A comunidade escolar se ve representada no Consello Escolar e, dentro deste, na Comisión de Convivencia. O consello escolar poderá propor actuacións en relación coa convivencia e a solución pacífica dos conflitos.

- Responsables : Consello e Comisión de Convivencia
- Destinatarios : Comunidade Educativa.

3.4.2.Organización de reunións coas familias: inicio do curso, transición entre etapas, orientación en momentos de transición.

- Responsable : Equipo Directivo
- Destinatarios: Familias.

4. PROTOCOLO PARA A PREVENCIÓN, DETECCIÓN E TRATAMENTO DAS SITUACIÓNS DE ACOSO ESCOLAR

4.1. Definición

A Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria publicou o *Protocolo para a prevención, detección e tratamento das situacións de acoso escolar* en Outubro de 2015 e actualizado o en maio do 2017 que define estes conceptos e as etapas ou fases a seguir en caso de que se dea algunha destas situación no ámbito escolar. No centro seguirase as indicacións deste documento, así como os documentos que figuran como anexos para recollida e tratamento das situacións.

Considérase acoso escolar calquera forma de vexación ou malos tratos continuados no tempo dun alumno ou alumna por outro ou outra ou outros, xa sexa de carácter verbal, físico ou psicolóxico, incluído o illamento ou baleiro social, con independencia do lugar onde se produza. Terán a mesma consideración as condutas realizadas a través de medios electrónicos, telemáticos ou tecnolóxicos que teñan causa nunha relación que xurda no ámbito escolar.

O ciberacoso son aquelas situacións de acoso escolar nas que se empregan como medio as tecnoloxías da información e da comunicación. Aínda que o ciberacoso pode parecer difuso, en tanto que se perpetra en moitas ocasións fóra do espazo físico do centro escolar, ao ter coñecemento da situación e sempre que estean implicados algúns dos alumnos ou alumnas do mesmo, terase a obriga de actuar coa mesma consideración de acoso escolar, sempre que as condutas realizadas a través de medios electrónicos, telemáticos ou tecnolóxicos teñan conexión coa vida escolar.

4.2. Medidas preventivas

- Promover a participación na elaboración e revisión dos documentos do centro, destacando os valores e normas que pretenden desenvolver actitudes de igualdade, respecto e diálogo, fomentando o consenso na toma de decisións.
- Potenciar o funcionamento da Comisión da Convivencia do centro.

- Impulso e actuación de comisións de mediación e outras estratexias de tratamento e resolución de conflitos.
- Difusión á comunidade educativa, a través de diferentes medios, do Plan de Convivencia e das Normas de Organización Funcionamento do centro.
- Organización do centro respectuosa coa diversidade e aceptación desta como un valor positivo, fomentando a inclusión.
- Introducción de estratexias específicas de desenvolvemento emocional, habilidades sociais e axuda persoal.
- Creación das condicións favorables para a inserción de programas de mellora da convivencia: programas específicos de resolución de conflitos, programas de mediación en conflitos e axuda entre iguais...

6.2. 4.3. Protocolo de actuación

Primeira fase. Coñecemento da situación. Identificación e comunicación

- Comunicación sobre unha posible situación de acoso escolar.
- Medidas urxentes de protección á presunta vítima
- dunha persoa responsable da atención e apoio á presunta vítima .
- Primeira comunicación ás familias do alumnado implicado.
- Nomeamento dunha persoa responsable da tramitación.
- Comunicación a outros profesionais educativos e/ou outros axentes externos.

Segunda fase. Recollida de información. Rexistro

- Entrevista individual á vítima. Citación do alumno ou alumna acosado/a a unha entrevista.
- Entrevista individual á/s persoa/s responsable/s do acoso. Citación do alumnado acosador a unha entrevista.
- Entrevista individual ás persoas observadoras/espectadoras. Citación dos demais alumnos/as implicados a unha entrevista.
- Entrevista individual ás familias. Citación para entrevista ás familias da persoa acosada e da persoa ou persoas acosadora/s.
- Solicitude de asesoramento e/ou apoio técnico do departamento de orientación do centro .

- Solicitude de asesoramento a outros organismos, especialmente no caso de ciberacoso.

Terceira fase. Análise da información e adopción de medidas

- Análise da información .
- Adopción de medidas :
 - Medidas de protección á vítima.
 - Medidas reeducadoras e correctoras para a persoa ou persoas agresora/s.
 - Outras medidas.
 - Comunicación á Inspección Educativa.

Cuarta fase. Seguimento e avaliación das medidas adoptadas. Rexistro.

Unha vez adoptadas as medidas previstas, é necesario continuar levando a cabo, a través do director ou directora do centro, ou da persoa na que delegue, un seguimento da situación, coa intencionalidade de que non se volva producir e de observar os cambios reais no comportamento individual do alumnado protagonista da situación de acoso, no grupo onde tivo lugar (clima de aula e de centro), tempo no que se mantén o efecto das intervencións.

Este seguimento levarase a cabo coa intención de comprobar o cumprimento e a pertinencia das medidas adoptadas, tanto das de carácter urxente, no momento de coñecemento da situación, coma das restantes establecidas no desenvolvemento do protocolo.

Empregaranse en cada caso os anexos correspondentes contemplados no protocolo elaborado pola Consellería.

5. NORMAS DE CONVIVENCIA DO CENTRO COA CONCRECIÓN DOS DEREITOS E DEBERES DOS DIFERENTES MEMBROS DA COMUNIDADE EDUCATIVA

A Lei 4/2011, do 30 de xuño, artigos 6.7,8 e 9, de convivencia e participación da comunidade educativa no TÍTULO II define os dereitos e deberes que corresponden aos distintos membros da comunidade educativa, pais/nais ou titores legais, profesorado, alumnado e persoal de administración e servizos.

Neste marco de actuación, as normas de convivencia do centro así como a concreción dos dereitos e deberes dos membros da comunidade educativa seguirán o disposto no Capítulo IX

das Normas de Organización e Funcionamento do centro, aprobado polo Consello Escolar con data do 25 de abril de 2017.

Dereitos e deberes dos pais, nais ou titoras ou titores

As nais e pais ou as titoras ou titores, en relación coa educación dos seus fillos ou fillas, son titulares dos seguintes **dereitos** de convivencia:

- A ser respectados e recibir un trato adecuado polo resto da comunidade educativa.
- A estar informados sobre o progreso da aprendizaxe e integración socioeducativa dos seus fillos ou fillas ou pupilos ou pupilas, para o que se lles facilitará o acceso ao profesorado e aos membros dos equipos directivos dos centros docentes.
- A recibir información sobre as normas que regulamentan a convivencia nos centros docentes.
- A ser oídos, nos termos previstos por esta lei, nos procedementos disciplinarios para a imposición de medidas correctoras de condutas contrarias á convivencia dos seus fillos ou fillas ou pupilos ou pupilas.
- A participar no proceso educativo a través de consultas e outros procedementos de participación directa que estableza a Administración educativa.

Así mesmo, como responsables da educación dos seus fillos ou fillas, teñen os seguintes **deberes**:

- Coñecer, participar e apoiar a evolución do seu proceso educativo, en colaboración co profesorado e cos centros docentes.
- Coñecer as normas establecidas polos centros docentes, respectalas e facelas respectar, así como respectar e facer respectar a autoridade e as indicacións ou orientacións educativas do profesorado no exercicio das súas competencias.
- Fomentar o respecto polos restantes compoñentes da comunidade educativa.
- Colaborar cos centros docentes na prevención e corrección das condutas contrarias ás normas de convivencia dos seus fillos ou fillas.

Dereitos e deberes do alumnado

O alumnado terá o seguintes **dereitos**:

- A recibir unha formación integral e coeducativa que contribúa ao pleno desenvolvemento da súa personalidade nun ambiente educativo de convivencia, liberdade e respecto mutuo.

- A que se respecten a súa identidade, integridade e dignidade persoais.
- Á protección integral contra toda agresión física ou moral, e en particular contra as situacións de acoso escolar.
- A participar directamente no proceso educativo cando sexa consultado pola Administración educativa, nos termos previstos no título IV desta lei.
- A participar na confección das normas de convivencia e na resolución pacífica de conflitos e, en xeral, a participar na toma de decisións do centro en materia de convivencia.

Son **deberes** básicos de convivencia do alumnado:

- Participar e colaborar na mellora da convivencia escolar e na consecución dun adecuado
 - o clima de estudo no centro, respectando o dereito dos seus compañeiros ou compañeiras
 - o á educación.
- Respetar a dignidade e as funcións e orientacións do profesorado no exercicio das súas competencias, recoñecéndoo como autoridade educativa do centro.
- Respetar a liberdade de conciencia, as conviccións relixiosas e morais, a igualdade de dereitos entre mulleres e homes e a dignidade, integridade e intimidade dos restantes membros da comunidade educativa.
- Respetar as normas de organización, convivencia e disciplina do centro docente.
- Conservar e facer un bo uso das instalacións e dos materiais do centro.
- Intervir, a través das canles regulamentarias, en todo aquilo que afecte a convivencia dos seus respectivos centros docentes.
- Seguir as directrices do profesorado respecto da súa educación e aprendizaxe.
- Asistir a clase con puntualidade e co material preciso.

Dereitos e deberes do profesorado

Ao profesorado, dentro do marco legal establecido e no ámbito da convivencia escolar, recoñécenselle os seguintes **dereitos**:

- A ser respectado, recibir un trato adecuado e ser valorado polo resto da comunidade educativa e pola sociedade en xeral no exercicio das súas funcións.
- A desenvolver a súa función docente nun ambiente educativo adecuado no que se preserve en todo caso a súa integridade física e moral.

- A participar e recibir a colaboración necesaria para a mellora da convivencia escolar e da educación integral do alumnado.
- A que se lle recoñezan as facultades precisas para manter un adecuado ambiente de convivencia durante as clases e as actividades e os servizos complementarios e extraescolares.
- Á protección xurídica adecuada ás súas funcións docentes.
- A participar directamente no proceso educativo cando sexa consultado pola Administración educativa, nos termos previstos no título IV desta lei.
- A acceder á formación necesaria na atención á diversidade e na conflictividade escolar e recibir os estímulos máis axeitados para promover a implicación do profesorado en actividades e experiencias pedagóxicas de innovación educativa relacionadas coa convivencia e a mediación.

Son **deberes** do profesorado:

- Respetar e facer respetar as normas de convivencia escolar e a identidade, integridade e dignidade persoais de todos os membros da comunidade educativa.
- Adoptar as decisións oportunas e necesarias para manter un adecuado ambiente de convivencia durante as clases e as actividades e os servizos complementarios e extraescolares, corrixiendo, cando lle corresponda a competencia, as condutas contrarias á convivencia do alumnado ou, no caso contrario, poñéndooas en coñecemento dos membros do equipo directivo do centro.
- Colaborar activamente na prevención, detección e erradicación das condutas contrarias á convivencia e, en particular, das situacións de acoso escolar.
- Informar ás nais e pais ou ás titoras ou tutores sobre o progreso da aprendizaxe e integración socioeducativa dos seus fillos ou fillas ou pupilos ou pupilas, cumprindo as obrigas de dispoñibilidade dentro do horario establecido no centro para a atención a aqueles que lle impoña a normativa aplicable.
- Informar aos responsables do centro docente e, de ser o caso, á Administración educativa das alteracións da convivencia, gardando reserva e sigilo profesional sobre a información e as circunstancias persoais e familiares do alumnado.

Dereitos e deberes do persoal de administración e de servizos

Ao persoal de administración e de servizos dos centros docentes, dentro do marco legal establecido e no ámbito da convivencia escolar, recoñécenselle os seguintes **dereitos**:

- A ser respectado, recibir un trato adecuado e ser valorado polo resto da comunidade educativa e pola sociedade en xeral no exercicio das súas funcións.
- A desenvolver as súas funcións nun ambiente adecuado no que se preserve en todo caso a súa integridade física e moral.
- A participar, no exercicio das súas funcións, na mellora da convivencia escolar.
- Á protección xurídica adecuada ás súas funcións.
- A participar directamente no proceso educativo cando sexa consultado pola Administración educativa.

Son **deberes** do persoal de administración e de servizos:

- Respetar e colaborar, no exercicio das súas funcións, para facer que se respecten as normas de convivencia escolar e a identidade, integridade e dignidade persoais de todos os membros da comunidade educativa.
- Colaborar activamente na prevención, detección e erradicación das condutas contraria á convivencia e, en particular, das situacións de acoso escolar.
- Informar aos responsables do centro docente e, de ser o caso, á Administración educativa das alteracións da convivencia, gardando reserva e sigilo profesional sobre a información e as circunstancias persoais e familiares do alumnado.
- Gardar sigilo e confidencialidade respecto das actuacións relacionadas co ámbito educativo das que teña coñecemento.

6. CONDUCTAS CONTRARIAS Á CONVIVENCIA E CORRECCIÓNS QUE CORRESPONDAN AO SEU INCUMPRIMENTO

As condutas contrarias ás normas de convivencia e as correccións que correspondan ao seu incumprimento seguerán o disposto nas Normas de Organización e Funcionamento do centro no Capítulo IX.

6.1. Condutas gravemente prexudiciais para a convivencia

a) As agresións físicas ou psíquicas, as injurias e as ofensas graves, as ameazas e as coaccións contra os demais membros da comunidade educativa.

b) Os actos de discriminación grave contra membros da comunidade educativa por razón de nacemento, raza, sexo, orientación sexual, capacidade económica, nivel social, conviccións políticas, morais ou relixiosas, discapacidades físicas, sensoriais ou psíquicas, ou calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social.

c) Os actos individuais ou colectivos de desafío á autoridade do profesorado e ao persoal de administración e de servizos que constitúan unha indisciplina grave.

d) A gravación, a manipulación e a difusión por calquera medio de imaxes ou informacións que atenten contra o dereito á honra, a dignidade da persoa, a intimidade persoal e familiar e a propia imaxe dos demais membros da comunidade educativa.

e) As actuacións que constitúan acoso escolar consonte co establecido no capítulo III da Lei de Convivencia.

Artigo 28. Acoso escolar. Para os efectos desta lei, considérase acoso escolar calquera forma de vexación ou malos tratos continuados no tempo dun alumno ou alumna por outro, outra ou outros, xa sea de carácter verbal, físico ou psicolóxico, incluído o illamento ou baleiro social, con independencia do lugar onde se produza. Terán a mesma consideración as condutas realizadas a través de medios electrónicos, telemáticos ou tecnolóxicos que teñan causa nunha relación que xurda no ámbito escolar.

f) A suplantación de personalidade en actos da vida docente e a falsificación, alteración ou subtracción de documentos académicos.

g) Os danos graves causados de forma intencionada ou por negligencia grave ás instalacións e aos materiais dos centros docentes, incluídos os equipos informáticos e o software, ou aos bens doutros membros da comunidade educativa ou de terceiros, así como a súa subtracción.

h) Os actos inxustificados que perturben gravemente o normal desenvolvemento das actividades do centro, incluídas as de carácter complementario e extraescolar.

i) As actuacións gravemente prexudiciais para a saúde e a integridade persoal dos membros da comunidade educativa do centro, ou a incitación a elas.

j) Portar calquera obxecto, substancia ou produto gravemente perigoso para a saúde ou a integridade persoal de calquera membro da comunidade educativa. En todo caso, reputarase indisciplina grave a resistencia ou a negativa a entregar estes obxectos.

k) A reiteración, nun mesmo curso escolar, de condutas leves contrarias á convivencia.

l) O incumprimento das sancións impostas.

m) Saír do instituto en horario lectivo sen autorización.

n) Gravar con calquera aparato ao profesorado no exercicio das súas funcións docentes.

6.2. Condutas leves contrarias á convivencia

a) As condutas tipificadas como agresión, inxuria ou ofensa, actos de discriminación, actos de indisciplina, danos, actos inxustificadas e as actuacións prexudiciais que non alcancen a gravidade requirida no devandito precepto (art. 15, Lei 4/2011)

b) Portar calquera obxecto, substancia ou produto expresamente prohibido polas normas do centro perigoso para a saúde ou a integridade persoal do alumnado ou dos demais membros da comunidade educativa ou que perturbe o normal desenvolvemento das actividades docentes, complementarias ou extraescolares, cando non constitúa conduta gravemente prexudicial para a convivencia.

c) A inasistencia inxustificada a clase e as faltas reiteradas de puntualidade, nos termos establecidos polas normas de convivencia de cada centro docente.

d) A reiterada asistencia ao centro sen o material e equipamento preciso para participar activamente no desenvolvemento das clases.

e) Dirixirse ao profesorado e ao persoal non docente de maneira insolente e maleducada.

f) Facer xestos, ruídos ou actos improcedentes reiteradamente perturbando o normal desenvolvemento da clase.

g) Falar na clase cando non se debe e interromper constantemente, facendo caso omiso das advertencias do profesorado.

h) Molestar continuamente a compañeiros/as impedindo o estudo, a realización do traballo encomendado ou a debida atención ás explicacións do profesorado.

i) O uso de aparellos electrónicos (móviles, mp3, etc..) nas instalacións do centro , salvo o recollido no CAPITULO VI, punto 6.1 do NOF.

j) Calquera outra conduta que sexa contraria ás normas básicas de respecto, convivencia e traballo necesarias nun centro educativo.

6.3.Medidas correctoras e programas e actuacións complementarias

6.3.1. Programa de habilidades sociais. Como medidas complementarias das medidas correctoras previstas no NOF do centro, O Departamento de Orientación elaborará e desenvolverá un programa de habilidades sociais dirixido ao alumnado que incorra reiteradamente en condutas disruptivas, coa finalidade de mellorar a súa integración no centro docente. Así mesmo, elaborará e desenvolverá un programa de habilidades sociais para aquel alumnado que, como consecuencia da imposición das medidas correctoras previstas nesta sección, se vexa temporalmente privado do seu dereito de asistencia ao centro. Estes programas aplicaranse en colaboración co profesorado titor e, de ser o caso, con axentes externos ao centro.

Os contidos a traballar en liñas xerais serán:

Módulo I: Habilidades sociais. Asertividade.

- A relación interpersoal.
- Habilidades non verbais na comunicación.
- Habilidades de escoita.
- Habilidades para resolver conflitos interpersoais.
 - Dicir NON.
 - Saber insistir.
 - Facer críticas de forma construtiva.
 - Recibir críticas.
 - Chegar a acordos.
 - O traballo en equipo.

Módulo II: Solución de conflitos

- Análise do conflito:

- Control de prexuizos.
- Os rumores.
- Búsqueda de solucións:
 - O acordo.
- A Mediación como estratexia de resolución de conflitos no entorno escolar.
 - Que é a mediación.
 - Tipos de conflitos nos que se pode aplicar.

6.3.2. Aula convivencia inclusiva. Potenciarase a aula de convivencia inclusiva, non estable e con vocación de substituír o tempo de expulsión, na procura dunha reincorporación do alumnado á súa propia aula no menor tempo posible.

A aula de convivencia constituirá un mecanismo de atención individualizada do alumnado que, como consecuencia da imposición dunha corrección ou medida disciplinaria por algunha conducta contraria ás normas de convivencia do centro, sexa privado do dereito a participar no desenvolvemento das actividades lectivas. O obxectivo principal é que o alumno reflexione sobre o seu comportamento e que estableza uns compromisos que melloren a súa adaptación ao centro . Proporciónase un espazo que permite ao alumno illarse do foco do conflito ou das circunstancias que o orixinan e dun tempo para poder axudalo a reflexionar e buscar posibles solucións.

Os criterios e condicións do alumnado que poderá asistir serán os seguintes:

- Alumnado que esporadicamente sexa suspendido da asistencia a clase durante determinadas sesións, materias ou días. Deberá acompañar sempre o parte de incidencias.
- A xefatura de estudos valorará a gravidade dos partes de condutas e determinará a súa asistencia á aula de convivencia, solicitando intervención da orientadora se fose necesario.
- Recolleranse os datos nun rexistro de control de asistencia.
- Cumprimentarase unha ficha persoal para levar un seguimento individualizado.
- A aula de convivencia será atendida por profesorado de garda segundo organización da Xefatura de Estudos ao comezo do curso.

6.3.3. Programa mediación entre iguais. Un último factor clave dentro das medidas correctoras será a posta en marcha dun programa de mediación entre iguais baseado no procedemento conciliado. A participación do alumnado ou dos seus representantes legais terá carácter voluntario e esixirá o compromiso de cumprimento das accións reparadoras.

A mediación é unha forma de resolver conflitos entre dúas ou máis persoas coa axuda dunha terceira, imparcial, que é o mediador. Se intenta que neste proceso as dúas partes logren un acordo satisfactorio e sobre todo adquiran conciencia de como abordar este tipo de situacións dun modo construtivo.

O equipo de mediación estará integrado por:

- A Xefa de Estudos.
- O profesor/a que participa na Comisión de Convivencia do Centro.
- A Xefa do Departamento de Orientación.
- Os alumnos mediadores do centro.

As funcións do equipo serán:

- Velar polo clima de convivencia no centro.
- Organizar o funcionamento do equipo, tempos, lugares, casos nos que se pode intervir...
- Realizará reunións trimestrais para supervisión e seguimento de casos.
- Avaliar o plan de mediación e elaborar a memoria final do curso.

7. NORMAS ESPECÍFICAS PARA O FUNCIONAMENTO DA COMISIÓN DE CONVIVENCIA

7.1. Composición da comisión de convivencia

- Director e Presidente
- Representantes do profesorado:
- Representantes dos pais/nais/titores:
- Representante do persoal de Administración e Servizos.

7.2. Periodicidade das reunións

Segundo o artigo 6.3. do Decreto 8/2015, que fai referencia ao réxime de funcionamento, composición e o desenvolvemento das funcións da comisión de convivencia, manteranse tres reunións anuais de carácter ordinario, unha por trimestre, e con carácter extraordinario cantas

veces sexa convocada pola súa presidencia, por iniciativa propia ou por proposta de, polo menos, unha terceira parte dos seus membros.

7.3. Plan de actuación

- Adoptar as medidas preventivas necesarias para garantir os dereitos de todos os membros da comunidade educativa e o cumprimento das normas de convivencia do centro.
- Impulsar accións dirixidas á promoción da convivencia, especialmente o fomento de actitudes para garantir a igualdade entre mulleres e homes, a igualdade de trato de todos os membros da comunidade educativa e a resolución pacífica de conflitos.
- Propor ao consello escolar as medidas que considere oportunas para mellorar a convivencia, así como dar conta a este, cando menos dúas veces ao longo do curso, das actuacións desenvolvidas e das correccións e medidas disciplinarias impostas.
- Propor, de ser o caso, á persoa titular da dirección do centro persoas que poidan formar parte do equipo de mediación.
- Coñecer o cumprimento efectivo das correccións e medidas correctoras nos termos en que fosen impostas e informar o consello escolar sobre o grao de cumprimento da normativa vixente.
- Realizar o seguimento dos compromisos de convivencia subscritos no centro.
- Elaborar unha memoria anual sobre a análise da convivencia e conflictividade no centro, na cal se reflectan as iniciativas no ámbito do centro sobre a materia. Este informe será trasladado ao consello escolar do centro e ao correspondente servizo territorial de Inspección Educativa.

8. ESTRATEXIAS PARA REALIZAR A DIFUSIÓN DO PLAN DE CONVIVENCIA

A difusión do Plan de Convivencia realizarse en cada un dos sectores da comunidade educativa do seguinte xeito:

- *Comunidade Educativa.* A través da páxina web do centro, na intranet e unha copia depositarase nos despachos da Dirección e da Xefatura de Estudos.
- *Profesorado.* A través das convocatorias de claustro e Consello Escolar e unha copia depositada na sala de profesores.
- *Familias.* Reunións iniciais de cada curso e nas diferentes reunións de aula cos titores.

- *Alumnado.* A través das titorías, Xunta de Delegados e dos representantes do Consello Escolar.

9. SEGUIMIENTO E AVALIACIÓN DO PLAN DE CONVIVENCIA

Para realizar o seguimento e a avaliación da convivencia escolar, a Comisión reunirase as veces establecidas neste plan e reflectirá na memoria anual datos e conclusións extraídos do proceso de seguimento e avaliación, así como as propostas de mellora que se consideren necesarias. Esta memoria será aprobado polo Consello Escolar e formará parte da memoria anual do centro.

Entre os indicadores que debería contemplar están:

- O grao de consecución dos obxectivos.
- O grao de coñecemento, implicación e satisfacción da comunidade educativa.
- O nivel de aproveitamento dos recursos materiais, humanos e organizativos.
- Calidade e funcionamento das actuacións.
- Propostas para o vindeiro curso nos ámbitos avaliados.

